

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INE Grupo de Traballo do INE e Mesa Delegada e Subcomisión do Ministerio

Este mes tivemos xuntanzas do Grupo de traballo do INE e a Subcomisión e a Mesa Delegada do noso ministerio, este é un resumo das últimas novidades:

Provisión de postos

Neste mes están rematando os diferentes procesos de Oferta de Emprego, o INE ten previsto que no primeiro trimestre de 2024 xa teñamos incorporado ó persoal da oferta libre, promoción interna e estabilización. De feito a maioría do persoal de oferta libre xa está realizando as prácticas e o de estabilización está na fase de escoller destino.

Queda por publicar a oferta de emprego de 2023 e nestes momentos está en proceso un concurso específico de persoal funcionario, e publicado o día 21 deste mes un concurso de persoal laboral do Anexo II, tamén nos informan que en breve publicarán outro concurso xeral de persoal funcionario no que incluírán os postos de C1 especialidade estatística.

CATI tarde

A situación é insostible nalgúns delegacións, os postos non se cobren, as condicións do persoal son deficitarias, os efectivos por debaixo de mínimos.... Xa levamos xa tempo reclamando unha solución, e agora nos din que o Consello de Dirección está elaborando unha proposta para as CATI tarde en peores condicións, da que nos darán traslado no primeiro trimestre do ano que ven. A ver por onde saen desta vez.

Retribucións

Este é un dos nosos principais retos para o próximo ano. Cada vez son máis os Ministerios e Organismos que contan con un sistema de reparto de produtividade por obxectivos, que garante uns criterios de distribución máis equitativos e que chegan a todo o persoal. Desde a CIG, creemos que o troco de modelo de reparto de produtividade sería bo para a gran maioría das traballadoras e traballadores do INE e tamén para o propio organismo, xa que evitaría en certa medida a constante fuga de persoal a outros ministerios.

No referente ás retribucións complementarias do persoal laboral, estamos estudando medidas para apoiar ás compañeiras e compañeiros que quedan fora do lamentable acordo subscrito entre a Administración e o resto de organizacións sindicais.

Xubilación parcial e contratación temporal

Unha vez desbloqueada a xubilación parcial do persoal do Anexo II, seguimos con un enorme atraso na execución deste dereito. Esiximos a urxente tramitación das solicitudes pendentes e axilidade para as posteriores. Como novidade, chegamos a un acordo para que o persoal do INE poida acumular xornada desde o inicio da xubilación parcial.

Agora tamén teñen autorización para realizar contratos temporais de substitución para as baixas de longa duración, pero néganse a realizar bolsas de traballo como solicitamos en solitario desde a CIG desde fai anos, queren realizar un proceso selectivo para cada baixa, todo un atranco, xa que co ritmo de xestión actual tardan en cubrir unha baixa preto de 6 meses.

Estrutura do noso Ministerio

Como xa sabedes o noso ministerio está inmerso nun cambio na súa estrutura, todo o referido á Transformación Dixital mudará para un novo ministerio e se incorpora ó noso todo o relacionado con Comercio. De momento está todo pendente da posible reorganización derivada da marcha da nosa actual ministra.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web www.estado.cigadmon.gal e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.